



2ª EDICIÓN PREMIO XESÚS TABOADA CHIVITE



Foto cortesía de Adolfo Taboada Sanz

(2ª ETAPA)

PARA TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN ANTROPOLÓXICA, ARQUEOLÓXICA E HISTÓRICA

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE TRABALLOS DO 1 DE XULLO ATA O 1 DE SETEMBRO DE 2019

premiotaboadachivite@uvigo.es

información sobre ás bases

www.mancoverin.es

www.historia.uvigo.es

www.depourense.es

Organiza



Colaboran



2ª EDICION DO PREMIO XESUS TABOADA CHIVITE

(2ª ETAPA)

PARA TRABALLOS DE INVESTIGACION
ANTROPOLOXICA, ARQUEOLOXICA E HISTORICA

Información sobre ás bases

www.mancoverin.es
www.historia.uvigo.es
www.depourense.es

Enderezo electrónico

premiotaboachivite@uvigo.es

Prazo de presentación

do 1 de xullo ata o 1 de setembro de 2019

Organiza

Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Colaboran

Deputación de Ourense
Universidade de Vigo - Departamento de Historia, Arte e Xeografía

Co fin de homenaxear pola súa obra a D. Xesús Taboada Chivite e de promover traballos de investigación científica nos ámbitos da arqueoloxía, a antropoloxía e a historia, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín convoca a IIª edición da segunda etapa do "Premio Xesús Taboada Chivite", que se rexerá polas seguintes bases reguladoras:

Primeira

Poderán concorrer a esta convocatoria traballos inéditos de investigación científica sobre temas históricos, antropolóxicos e arqueolóxicos, referidos ao ámbito territorial da antiga Gallaecia ou que estuden as relacións de Galiza e Portugal ao longo da historia.

Segunda

Os traballos deben ser inéditos e ter unha extensión mínima de 150 páxinas e máxima de 300, tamaño DIN A4, a 1,5 espazo e letra Times New Roman 12. Os traballos deben ser nas seguintes linguas: Galego, portugués ou castelán de acordo coas normas da RAG, do Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa e da RAE, respectivamente. Os traballos deberán enviarse on line nun documento en formato pdf encabezado polo título e sen datos referidos a autoría, explícitos ou implícitos, á seguinte dirección de correo premiotaboachivite@uvigo.es.

Terceira

O/A autor/a manterase no anonimato e deberá enviar á seguinte dirección de correo electrónico premiotaboachivite@uvigo.es un documento (modelo Anexo I) cos seguintes datos: Nome e apelidos, título do traballo, número de DNI ou pasaporte, dirección postal, email e número de teléfono. Así como a declaración xurada asinada conforme a que o traballo presentado é inédito.

Cuarta

O traballo gañador será publicado. A organización do Premio resérvase todos os dereitos da publicación, sen limitación de exemplares nin de edicións, con expresa reserva dos dereitos de edición en calquera lingua, que poderá ceder a terceiros de estimalo oportuno. No caso de suxerilo a editorial, o/a autor/a comprométese a axustar o volume e o estilo ao formato requirido. O/A premiado/a renuncia aos dereitos económicos da obra publicada, da que a organización lle entregará gratuitamente 30 exemplares.

Quinta

Comporán o xurado 5 membros de recoñecido prestixio vinculados a institucións e/ou entidades científicas relacionadas coa temática do premio. Un dos membros asumirá a función da presidencia e outro da secretaría. Os membros do xurado e as súas funcións serán designados polas persoas que xestionan esta convocatoria.

Sexta

O/A gañador/a recibirá a cantidade de 6.000 euros. Esta cantidade é indivisible. Se o Xurado o estimase conveniente, o Premio pode quedar deserto. Previamente á entrega do premio, o/a gañador/a comprométese a impartir unha conferencia sobre o traballo premiado.

Sétima

O prazo de presentación de traballos comeza o día 1 de xullo e remata o día 1 de setembro de 2019. A resolución será comunicada aos/ás interesados/as nun prazo aproximado de 1 mes a partir da data final de entrega.

Oitava

Os/As participantes aceptan expresamente estas Bases e calquera decisión que adopte a Organización ou o Xurado.

